



SEMINARIO

“Fast Track to Innovation. Claves para preparar unha proposta de éxito”

27 e 28 de Xaneiro 2015

Facultade de Informática (Aula 22B), Campus Elviña, A Coruña

PROGRAMA DÍA 27

09.00h – 09.15h Presentación da xornada: Xavier Alcalá, Xefe de gabinete para as relacións científico-tecnolóxicas; OTRI-UDC

09.15h – 10.45h Panorama detallado dos esquemas de colaboración universidade-empresas en cada pilar de H2020: Esquemas específicos, exemplos para cada un deles baseados en casos reais e calendario durante o ano 2015.

10.45h-11.15h Presentación do esquema *Fast Track to Innovation* (FTI):

- Histórico do instrumento e xustificación

11.15h-11.45h Pausa café e interacción cos participantes

11.45h-13.00h Continuación sobre o FTI:

- Estrutura, obxectivos e espírito dunha proposta FTI
- FTI no ano 2015, axenda e posibles eventos/actividades a nivel europeo
- O papel da Comisión Europea e da axencia EASME no FTI
- Documentación e ferramentas de soporte para o participante na elaboración dunha proposta FTI

13.00h-13.15h Descanso

13.15h- límite 15.00h Reunións individuais (20 minutos por reunión, aproximadamente) sobre ideas de proxectos e actividades de colaboración universidade-empresa para buscar encaixe nos esquemas de financiamento existentes. O participante pode tratar proxectos científico-técnicos pero tamén intercambio de persoal, actividades de training/formación especializada para o sector privado, etc...

Esta actividade pretende dar unha visión de contexto e tamén práctica sobre cómo abordar (e financiar) a colaboración universidade-empresa (Centros de Investigación) no eido dos programas europeos, nomeadamente H2020. Así, durante a xornada vaise aportar unha visión das diferentes opcións existentes en cada un dos piares de H2020 (Ciencia Excelente, Retos Sociais e Liderado Industrial) para facilitar o traballo conxunto entre Universidade e sector privado e as particularidades de cada esquema proposto.

Ponente: Marina Martínez, CDTI (Oficina SOST – Bruxelas)

Solicítase **confirmación de asistencia** (indicando se desexan concertar unha reunión individual durante o día 27) por medio dun **correo electrónico** dirixido a otri.aula@udc.es

PROGRAMA DÍA 28

A segunda xornada está pensada coma un Curso intensivo de preparación de propostas, abordando aspectos clave a ter en conta no plantexamento dunha proposta. O curso vai estruturarse de xeito independente á sesión realizada durante o martes 27 de Xaneiro, pero terá exemplos e estudos de caso da convocatoria FTI aportando así unha visión complementaria á sesión previa.

Programa detallado

Curso H2020: Da idea á preparación da proposta	
09 h 00 - 10 h 30	Contexto dos programas H2020 especialmente os de tipo colaborativo correspondentes ao 2º e 3º pilar. Particularidades do esquema <i>Fast Track to Innovation</i> . Lóxica de construción dun partenariado. Explicación práctica dos formularios administrativos. Da análise de riscos ao plan de traballo. Colaboración na xeración dun proxecto e técnicas de construción de consenso. Construción dun partenariado, elaboración de formularios administrativos, plan de traballo e descrición detallada da proposta.
10 h 30 - 11 h 00	Respostas ás cuestións dos participantes e pausa café
11h 00 - 12 h 30	Definir a Excelencia. Obxectivos, estado da arte e valor engadido: as claves da argumentación. Prever o impacto e a difusión. Metodoloxía para a súa preparación. Deseñar a implementación. Táboa de Gantt e Diagrama PERT
12h 30 - 13 h 30	Principios e técnicas de cálculo de custos. Duración das actividades, esforzo e carga de traballo, categorías profesionais. Custo do traballo efectivo e gastos xerais. Asignación dos esforzos por tarefas. Estimación doutros custos. Orzamento provisional detallado.
13 h 30 - 15 h 30	Almorzo e intercambio de experiencias
15 h 30 - 16 h 30	Análise da coherencia da proposta Criterios de avaliación
16 h 30 - 17 h 00	Disposicións legais acompañando á proposta. Marco xurídico: subcontratos, acordos privados, acordo de consorcio y acordo de subvención. Xestión do coñecemento. Registro e protección das contribucións intelectuais.
17 h 00 - 18 h 00	Caso práctico baseado en <i>Fast Track to Innovation</i> Simulación de situacións Respostas ás cuestións dos participantes

Ponente: Luis Botifoll, Mon Progres SL

Coa colaboración de:

